

ROULANDO

Revista do IES República Oriental do Uruguai
Xuño, 2023

No 5



EDITORIAL

Chegamos ao número 5 desta xeira por escribir, opinar e crear, por expresármolos en galego. E non foi sen dificultade. Cada vez é mais difícil informar ou opinar. Resulta raro expresar e compartir a creatividade. Por iso en primeiro lugar, grazas a tod@s @s que colaborastes neste número.

Neste ano que continúa a Guerra de Ucraína, a inflación e a inestabilidade política, seica rematou a pandemia segundo a OMS. Mais houbo algunha aprendizaxe sobre prevención nun período tan difícil a nivel de saúde social? A entrevista que inclúe este número a Xulia Alonso pode facernos reflexionar sobre esa cuestión.

As noticias están inzadas de violencia de xénero, nun ano no que a lei relativa a esa cuestión xerou moita polémica. Neste número ollamos para Irán que anula os dereitos das mulleres e reprime de xeito atroz a liberdade do seu pobo. Referenciamos o testemuño de Noelia Míguez e a mensaxe da música de High Paw, tamén a novela *As malas mulleres* de Marilar Aleixandre.

Por último, A Mesa pola Normalización conseguiu o compromiso dun mínimo de 70 series ou filmes en galego por plataforma, está a ser así? Foi un bo ano para o cinema en galego: *A corpo aberto*, *Matria*, *Sica* e documentais como *María Casares, a muller que viviu mil vidas*, sobre a actriz fronte ao espello veunos falar Sabela Hermida. Tamén claro *As Bestas*, mágoa que aí o abandono do rural galego, e o uso do galego só estean ao servizo dunha película de suspense brutal. Arranxouno o director cando recibiu un dos Goyas: "Eólicos si, pero non así!" E que pouco se fala diso, mesmo neste número de *Roulando*.

Aos e ás que marchedes a outros lares a outras ocupacións, non tardedes en volver, aínda que só sexa de visita.

EDNL do IES ROU.

ÍNDICE

	PAX
AS NOVAS	
A porta do Sol _____	2
Caleb Iglesias (2º ESO B)	
Irán _____	3
Noa García, Irene Santomé, Zoe Vázquez e Desireé Fuchs	
Preocupación no zoo de Vigo _____	5
Adrián Vázquez (1º ESO B)	
COIDO QUE...	
Os roubos de información na rede _____	6
Juan Carlos Barros (2º BACH B)	
Interfaces cerebro computador _____	7
Isaac Míguez (2º BACH C)	
CON CIENCIA	
STEM no ROU _____	8
Juan Carlos Barros, Adrián García, Miguel Méndez, Eva González, Carla Rodríguez e Sandra Rodríguez	
ESTIVEMOS CON...	
Xulia Alonso _____	10
Eva González, Xiana Mileti, Alba Guevara, Ayán Vázquez, Sofía Kassas e Adahy Piñeiro	
CONTO CONTIGO	
Goku o Saiyan _____	13
Adrián González (1º ESO B)	
O bosque _____	14
Sofía Verde (1º ESO B)	
REVERSO	
Francisco Fernández del Riego _____	15
EDNL do IES ROU	
EFFECTO SONORO	
3 proxectos musicais galegos _____	17
EDNL do IES ROU	
SEAREIR@S	
As mulleres galegas triunfan no piragüismo internacional _____	18
Aroa García (2º BACH)	
A TIRA	
Ponte de madeira _____	19
Claudia Rodríguez	
Debuxos _____	19
Lena Luengpayung Carrillo	
Estampa animal victoriana _____	20
Banyen Figueirido	
Like a clown _____	21
Antía Fernández	
QUE VER? QUE LER?	
Algunhas recomendacións _____	22
EDNL do IES ROU	

A porta do Sol

Caleb Iglesias Sánchez (2º ESO B)

O nome vén dado pola súa orientación ao nacente, por onde amence, e calcúlase que comezou a construírse no século XVII, ao redor do ano 1656. Era unha das seis entradas á cidade. As demais portas -Gamboa, Laxe, Ribeira, Pracer e Falperra-, tiñan como función principal dar saída - ou entrada - ás poboacións dos arredores.

O Concello encargou no 1878 un proxecto do mercado que custou 15.931 pesetas (algo máis de 95€).


Sabías que no 1914 chegou o tranvía?

Sabías que a zona se chamou o pequeno París? Era chamado así por locais e edificios como: O Vila de París, deseñado por Jenaro de la Fuente; O Louvre, comercios de venda de roupa de moda, de corte e confección, venda de peles etc.; ou O Edificio Moderno, deseñado por Michel Pacewicz e construído en 1902, é coñecido como Edificio Moderno porque foi un hotel do mesmo nome.

No 1973 comezou a construírse o primeiro aparcadoiro público subterráneo de Vigo, o da Porta do Sol. Actualmente o proxecto de Civis Global ten como obxectivo principal soterrar o tráfico da zona. Este paso subterráneo percorrerá toda a Porta do Sol até a rúa Elduayen, onde volve á superficie nun carril de sentido único.

No 1991 instalouse na zona a escultura o Sereo de Francisco Leiro que se converteu rapidamente nunha icona da cidade, aínda que creou polémica entre a cidadanía. A escultura representa un ser híbrido, humano e peixe, que ansía o mar desde a distancia da Porta do Sol.

Tamén é punto de visita obrigatoria pola instalación da "árbore" do Nadal e diferentes elementos decorativos e de ocio nesas datas. Seguro que xa fixemos algún selfie aí.



O Vila de París



O edificio moderno de Pacewicz



Irán: un ano de forte represión e retroceso dos dereitos humanos

Noa García, Irene Santomé (1º BACH), Zoe Vázquez e Desireé Fuchs (2º BACH)

Coa revolución de 1979, Irán destituíu a monarquía dos Pahlaví para instaurar a república islámica que existe hoxe. Foi nese momento cando os altos cargos do clero islamista chií duodecimano, relixión maioritaria en Irán, converteron o estado nunha teocracia. Á cabeza do goberno atópase a figura do líder supremo, Alí Jamenei. Este ten o control do país xunto co presidente Ebrahim Raisi, quen liderou unha execución de 5000 persoas opositoras ao goberno en 1988. En 2021 iniciou o seu mandato co obxectivo de reprimir as protestas sociais, sen ter moito éxito ó respecto, pois estas non deixaron de radicalizarse. Este réxime, en definitiva, está inzado de corrupción, cunha democracia inefectiva que beneficia a uns líderes políticos que buscan só o beneficio propio e que promulgan leis que atentan contra os dereitos humanos (sobre todo contra as mulleres, persoas LGTB e minorías étnicas ou relixiosas). A isto súmaselle a guerra económica con EE.UU, Israel e Arabia Saudí, a cal sumiu a Irán nunha crise caracterizada por uns altísimos niveis de inflación nos prezos de produtos básicos e combustibles, o cal prexudica fortemente a calidade de vida dos seus habitantes.

As múltiples protestas foron brutalmente sufocadas polo réxime: producíronse torturas físicas (flaxelacións, amputacións ou pena de morte); desaparicións; negacións de atención médica; xuízos arbitrarios e limitouse a liberdade de expresión, reunión e asociación. Ademais, a violencia exercida contra os colectivos desfavorecidos endureceuse, agravando a súa discriminación. Porén, estas medidas abusivas e inhumanas non foron suficientes para frear as reivindicacións dun pobo con sede de liberdade.

O 16 de setembro Mahsa Amini morreu baixo custodia policial. Estaba detida pola policía moral iraní por non levar o Hiyab de xeito correcto segundo as normas do goberno islámico. Desde entón tiveron lugar numerosas protestas e manifestacións contra a vulneración dos dereitos das mulleres nas 161 cidades das 31 provincias da República Islámica Iraní, baixo lemas como “Muller, vida e liberdade”. As manifestacións de rexeitamento ao réxime polo acontecido provocaron un endurecemento das medidas represoras contra a poboación. Cerca de 500 persoas morreron nas protestas e de 20.000 foron detidas, segundo a ONG Iran Human Rights, con sé en Oslo.



REPRESIÓN DE DEPORTISTAS IRANÍ

Segundo Amnistía Internacional desde o comezo das protestas numerosos deportistas mostraron publicamente o seu apoio ás protestas contra un goberno represor e que limita a muller baixo presupostos relixiosos. O xogador de fútbol Zobeir Niknafs subiu un video rapándose o pelo en protesta contra a morte de Mahsa Amini. A escaladora Elnaz Rekabi competiu sin velo nos campionatos de Asia. A moza axedrecista Sarasadat Jademalsharieh, decidiu non volver a Irán e instalarse en España despois de xogar sen velo o Mundial de Kazajistán. A selección de fútbol deixou de cantar o himno no Mundial de Qatar.



Polo momento, o único futbolista condenado é Amir Nasr Azadani, de 26 anos. Azadani xogou en diferentes equipos, na demarcación de defensa, o último co que xogou foi o FC Iranjavan Bushehr na Liga3. Nun principio difundíuse que foi condenado á morte por unha mensaxe de apoio. Posteriormente os medios oficiais iranís aclararon que foi detido o 27 de novembro, acusado de disturbios contra as autoridades. Actualmente sábese que foi condenado a 26 anos de cárcere, dos que é posible que cumpra 16, pola súa participación nas protestas contra a morte de Mahsa Amini e pola súa suposta participación como membro dun grupo armado que se involucrou na morte de dous gardas. A inicial condena a morte ocasionou numerosas manifestacións de solidariedade en internet durante o Mundial, como a de Shakira, outros xogadores como Marc Bartra ou o sindicato internacional de xogadores Fifpro que esixiu nun comunicado que se anulara a sentenza.

ANA BANEIRA SUÁREZ E SANTIAGO SÁNCHEZ

Igualmente cidadáns estranxeiros son vítimas do aumento do estado represivo. A coruñesa Ana Baneira, de 25 anos, foi detida o pasado novembro de 2022, sen fundamento, polas autoridades de Irán ao ser considerada activista e participar nas protestas pola morte de Mahsa Amini. Ela afirma non ser activista e que chegou a Irán sen previa programación, que tiña previsto viaxar á capital de Acerbaixán, pero a fronteira por terra estaba pechada, motivo polo cal decidiu visitar Irán. En canto á súa detención, explica que ocorreu o 11 ou 12 de outubro, tras pedir un visado á oficina de migración para prolongar a súa estancia en Irán e mentres repoñía gasolina. Detivérona sen dar explicacións e foi directamente á sala de interrogatorios. Tras 138 días en prisión, foi liberada a finais de febreiro e actualmente xa se atopa en Galicia, reunida coa súa familia.

O aventureiro Santiago Sánchez foi detido baixo a acusación de espionaxe tras visitar a tumba de Mahsa Amini en outubro de 2022. Tras pasar por unha prisión de condicións inhumanas, grazas ás xestións diplomáticas pasou a un módulo con compañeiros. Malia todos os esforzos, aínda non foi liberado.



Preocupación no zoo de Vigo: morren animais

Adrián Vázquez (1º ESO B)

Extrañas circunstancias rodean a morte de animais do zoo da Madroa durante os últimos anos.

O VigoZoo construíuse en 1970, e inaugurouse o 18 de Xullo de 1971. VigoZoo é o único parque zoolóxico que existe en Galiza. Está situado no monte A Madroa, a 300 metros do nivel do mar e a uns 10 km do centro da cidade.



No zoo de Vigo morren animais. Algunhas persoas cren que a causa é que os animais viñan ao zoo con enfermidades, outras persoas din que o zoo está xa abandonado e que os animais teñen coidados pésimos.

PACMA (Partido Animalista con el Medio Ambiente) vai denunciar ante a Fiscalía de Medio Ambiente a situación de VigoZoo polo falecemento dos animais por negligencia. O concello di que estas mortes foron por causas naturais e parece ser que quere converter VigoZoo nun centro de ocio con tirolinas, no que so haberá 30 animais.



Hai uns días, morreu a pantera Kabul pola súa enfermidade no VigoZoo. Levaba dende o 2006 vivindo alí. Morreu con 21 anos. Xa morreron 13 animais no VigoZoo. Entre eles están: Unha pantera (Kabul), un lémure, dous tigres, un "Oryx Cimatarra", seis "Wallabies de Bennet", un muflón de Córcega e unha aguia calzada. Neste momento hai 125 exemplares de distintas especies.



Os roubos de información na rede

Juan Carlos Barros (2º BACH B)

Un tema en auge que afecta á poboación mundial conectada á internet son os roubos de información masivos na rede. Segundo o xornal *El economista*, o roubo de datos bancarios duplicábase en España en 2022 e segundo *CSO Computer World España*, publicación tecnolóxica especializada, o malware de roubo de información popularízase.

Dado que a sociedade está cada vez máis dixitalizada sofre cada vez máis a ciberdelincuencia que se leva a cabo mediante virus informáticos, maioritariamente troianos, aínda que hai outros tipos, que se agrupan todos no termo malware e que afectan aos equipos transmitindo datos que empregamos nas compras on line como o noso número de tarxeta, data ou mesmo os contrasinais asociados ás diversas páxinas. A finalidade dos ciberdelinquentes é negociar a venda de información en webs de contrabando ou mesmo empregala para o seu propio beneficio.

A partir dunha análise que publicou Kaspersky, que é un antivirus internacional, sabemos que se duplicaron en España os ataques informáticos, reportáronse máis de 20 millóns de ataques por troianos alertando aos especialistas. Para evitar estes casos, cómpre confirmar a fiabilidade das webs e empregar un antivirus. Os grupos criminais organizanse na app Telegram e actúan dunha maneira sinxela creando os boots co malware e dirixindo a atención cara a eles. Esta práctica aumentou, contabilízanse 50 millóns de contrasinais substraídas globalmente, todos os contidos roubados suman máis de 5.800 millóns de dólares e PayPal e Amazon xunto con outras empresas de renome foron as máis afectadas.

O que coñecemos como privacidade deixou de existir cando xurdiu internet. Os datos están expostos para todo o mundo e alguén cunha mínima capacidade de programación pode acceder a eles, o que resulta preocupante. Este fenómeno de captura de contrasinais non é actual, mais os avances tecnolóxicos coevolucionan cun número de ataques a cibernautas máis especializado e está claro que protexerse completamente disto é imposible. O verdadeiro problema dáse cando son organizacións como Facebook, Agora, Meta ou Tik tok as que acceden á nosa información persoal. O acceso á información persoal dáse previa aceptación nosa, nuns termos de privacidade de uso, mais comercian cos datos o cal é perigoso porque deixan unha vía pola que pode acceder calquera. Cando se trata do nome ou data de nacemento non é tan daniño coma se se filtrase a nosa conta bancaria ou tarxeta de crédito. Penso que é labor das autoridades buscar unha regulación das empresas que lles prohiba manexar credenciais de usuarios. Considero tamén que se debe investir nunha mellor defensa de ciberseguridade para repeler toda a ciberdelincuencia posible. Á súa vez unha educación a menores sobre navegación na rede podería diminuír casos no futuro como compras en páxinas indebidamente, basicamente, caer nunha estafa informática.



Interfaces cerebro computador

Isaac Míguez (2º BACH C)

Neuralink, empresa de neurotecnoloxía estadounidense especializada no desenvolvemento de interfaces cerebro computador, fundada polo famoso Elon Musk, levou a cabo recentes investigacións de éxito que consistían en implantar chips en diferentes animais. Nun vídeo publicado pola empresa podemos observar un chimpancé xogando ao coñecido xogo de Pong coa mente, ou máis ben, como especifican no vídeo, mediante a telepatía. Tamén amosan como o primate é capaz de escribir sen a necesidade dun teclado.

Estes casos non son maxia e o seu funcionamento é moi simple: introdúcese un chip a través do cranio do paciente, chip que se controla desde fóra mediante bluetooth, o que permite enviar ondas electromagnéticas que estimulen as partes requiridas do cerebro xerando así diversas accións. Este é un gran avance na Tecnoloxía, na Ciencia, Neurobioloxía e outras ramas relacionadas co estudo do cerebro.



Despois deste increíble éxito, Elon Musk anunciou que comezaría a experimentar con seres humanos co fin de alcanzar que estes implantes nun futuro sexan unha realidade. Os obxectivos a lograr neste experimento son principalmente de saúde: a meta é conseguir que as persoas con discapacidade poidan levar unha vida normal. Por exemplo: Unha persoa con cegueira podería ver de novo o mundo grazas ao implante cerebral, unha persoa que teña pouca mobilidade nun brazo podería volver a movelo.

Desde o meu punto de vista, agrádame a idea de axudar a xente con problemas a poder vivir a súa vida con normalidade, sen ningún tipo de dificultade; pero atérrame a idea de que nos próximos anos as persoas poidan acceder a estes implantes e que se volva unha moda. Isto, creo eu, derivaría nunha sociedade dividida en dúas bandas, por unha parte robotizada co chip no cerebro e outra catalogada como inferior, sen o chip que facilita máis capacidades e habilidades. Porén, isto pódese prever e teño a esperanza de que as novas xeracións sexan máis civilizadas ca nós e con máis valores para saber que a discriminación é un virus na sociedade.

Habería que valorar este tema no ámbito profesional, como serían transformados os traballos? Por exemplo un psicólogo que acceda desde a súa mente á información sobre os seus pacientes, volvería un experto na súa área. Outro exemplo podería ser un arquitecto que puidese planear coa mente como quedarían as construcións ou calculalas sen case pensar.

Todo isto é improbable que pase, mais non é un conto de ficción, senón unha realidade que chegará nalgún momento. Non sabemos o que ocorrerá nun futuro, pero estou seguro de que viviremos xa non coa tecnoloxía, senón, na tecnoloxía.

STEM no ROU: o método PERT

Juan Carlos Barros, Adrián García e Miguel Méndez (2º BACH)

O obxectivo do noso traballo é optimizar a xestión dun proxecto de post-produción de efectos visuais nunha escena cinematográfica, exposto pola empresa Cormorán VFX. No noso caso, debemos substituír a imaxe da pantalla dun computador por unha imaxe personalizada. Para iso utilizaremos técnicas de investigación operativa, concretamente o método PERT, o diagrama de Gantt e o CPM. O PERT ten como finalidade saber a duración total do proxecto ademais de clasificar as actividades segundo a súa criticidade e determinar as que son imprescindibles para seguir avanzando no noso proxecto.

Para representar o desenvolvemento temporal do proxecto utilízase o diagrama de Gantt, que expón o tempo de dedicación previsto para diferentes tarefas na totalidade do tempo empregado. O método do CPM illa as actividades cuxa duración non se pode prolongar máis do previsto. Para calcular a solución do problema: o gráfico PERT, o camiño crítico e o tempo previsto de execución, utilizamos o programa R e o paquete Crit Path. Representamos a duración total de cada actividade dentro do proxecto utilizando o diagrama de Gantt. Tamén modelizamos o problema utilizando programación lineal que resolvemos co método Simplex utilizando a folla de cálculo Excel.



Concluindo, ao comparar o camiño crítico proposto para a resolución do problema e a orde de prelación de actividades realizada na empresa, obtemos o mesmo resultado. Fomos motivados polo aliciente de profundizar nos coñecementos da organización e xestión de proxectos.



STEM no ROU: enquisa para a prevención do Alzheimer

Eva González e Carla Rodríguez

Estamos a investigar sobre por qué persoas maiores de 90 anos non desenvolven a enfermidade de Alzheimer. Queremos investigar se estas persoas que resisten á enfermidade presentan algunha diferenza (a nivel anatómico) nos seus cerebros con respecto aos cerebros dos enfermos de Alzheimer.

Este proxecto de investigación estámo-lo realizando en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e o Hospital Clínico Universitario. Unha investigación coa que nós contribuímos cun estudo sobre os hábitos de vida cunha ferramenta específica de análise elaborada por nós. Con esta enquisa buscamos algunha semellanza entre os hábitos dos voluntarios que poida estar relacionado coa resistencia á enfermidade.

Aínda non defendemos o noso proxecto xa que tivemos que retrasar a nosa fase experimental debido á situación sanitaria que vivimos e a que traballamos con persoas maiores nun ambiente sensible para eles como é un hospital.





STEM no ROU: Acercando á nanotecnoloxía á vida cotiá, partículas fluorescentes para detectar metais pesados

Carla Rodríguez e Sandra Rodríguez

Ao longo destes dous anos estivemos a investigar e estudar acerca do desenvolvemento dun tipo de nanopartículas competentes á hora de detectar metais pesados. O noso obxectivo era a síntesis de puntos cuánticos de CdTe recubertos con TGA, para comprobar a súa eficacia detectando chumbo, Pb, en disolucións acuosas.

Este proxecto foi realizado en colaboración coa Universidade de Vigo e o CinBio. A realización desta investigación deunos a posibilidade de coñecer dende dentro o funcionamento e a maquinaria empregada nos laboratorios, así como as fases a seguir nun proxecto de investigación e a forma correcta de defendelo diante dun tribunal.

Sen dúbida foi unha experiencia moi enriquecedora que nos achegou novos coñecementos sobre o mundo nanotecnolóxico, así como a posibilidade de entrar en contacto coa ciencia e a investigación dun xeito moi distinto ao que estabamos afeitas.



Xulia Alonso

Eva González, Xiana Miletí, Alba Guevara, Ayán Vázquez, Sofía Kassas e Adahy Piñeiro

Estivemos coa escritora Xulia Alonso que charlou co alumnado de 2º de bacharelato de Psicoloxía sobre o seu libro *Futuro Imperfecto*. O libro conta a experiencia da autora coa adicción á heroína en Santiago, o proceso de desintoxicación e a vivencia co diagnóstico do VIH, así como a experiencia do primeiro amor e da enfermidade da SIDA e morte da súa parella. Máis alá do testemuño persoal, o libro é un retrato duns anos e unha realidade histórico-social. Trata temas moi complexos que non quedan simplificados, senón que se abordan desde a reflexión e recordo. Ademais, supón unha das primeiras novelas de memorias na literatura galega que mestura ensaio e narración lírica, nunha proposta moi actual.

1- Esta é unha novela senlleira na literatura galega contemporánea de memorias. Fainos pensar no pasado recente, na adicción ás drogas, na xuventude e na doenza da SIDA. Mais sobre todo é un libro que vai directo ao noso corazón. Cal foi a súa motivación para escribir un libro no que expón duras vivencias persoais? Como foi ese proceso de escrita?

A motivación principal foi trasladar a un material estable a miña experiencia coa adicción á heroína, para deixar constancia sobre todo para o meu contorno inmediato e pensando na miña filla. Por iso o libro ten o contido que ten e é tan íntimo e, gústame pensar que é un libro honesto, fundamentalmente.

2- Na novela realiza un retrato social dos 80. Foi a droga un mal da época?

Si, creo que si. Foi unha época na que pasaron moitas cousas. A introdución no mercado das drogas foi unha novidade, a aparición dun mercado de consumo amplo das drogas chegou coa Transición. Chegaron moitas drogas diferentes en grande cantidade. Creo que nos colleron bastante desprevidos.

3- Que lle parece a situación actual da xuventude coas drogas?

Detrás das drogas hai un mercado, un dos máis lucrativos e non parece moi posible que ese mercado se regule ou desapareza poque segue sendo rendible. Entón non só non diminúe o consumo, senón que aparecen novas drogas químicas, de deseño. Creo que si que hai unha alerta que permanece no inconsciente colectivo en relación coas drogas inxectadas, de consumo por vía intravenosa, en particular coa heroína desde logo, pero non con outro tipo de drogas que se consomen doutra forma (pastilla, líquido, etc.) Entón creo que a xente nova ten tanto ou máis risco de consumo que nos anos da miña mocidade. Drogas como a cocaína e drogas de deseño deixan máis secuelas de paranoia, brotes psicóticos, que teñen unha difícil recuperación. Teoricamente a mocidade ten máis información pero asumila como un perigo é outra cousa. Creo que a xente nova está moi exposta e é un tema do que deberíamos falar moito máis.



4- No seu caso que factores foron determinantes para caer na heroína? E para saír dela?

Cando rematei *Futuro imperfecto*, foi cando me decatei de que había unha pregunta que era o porqué da xeración que acabamos sendo adictos á heroína. Decateime de que non había un porqué. Non hai un detonante. Creo que eu fun especialmente intrépida á hora de entrar en consumos máis agresivos como era o intravenoso porque é verdade que o momento era moi intenso. Toda a Transición foi un cambio moi grande: viñamos dunha época na que España era un país pechado, no que todo estaba prohibido, uniformado e vixiado; entón a chegada da liberdade para nós foi como saltar ao baleiro. Había que experimentar cono todo o que antes non podíamos nin valorar. E non había sensación de risco, así que experimentar era o que procedía. Ademais as drogas consumíanse nun contorno social. Mais unha vez que entramos na adicción, iso cambiou. Para deixalo estiven dous anos nun centro de rehabilitación con apoio psicolóxico. Asumino porque na adicción xa estaba moi perdida. Desde entón quedei fortalecida; nunca pensei en volver a consumir porque fun e son consciente de que a adicción é o inferno, é a perda de control ou de vontade.

5- Con respecto ao VIH mudou moito a prevención e o tratamento da doenza. Que opina sobre a abordaxe desta enfermidade antes e agora?

Nun principio houbo unha paranoia colectiva porque non se coñecían os mecanismos de transmisión. Houbo moita alarma e tamén rexeitamento para a xente que padecía a enfermidade. Os medios difundían a imaxe de doentes cunha fisionomía característica. Entón houbo un rexeitamento brutal. Pero investigouse rapidamente porque afectaba a milleiros de persoas. Descubriuse en 1981 e a mediados de 1986 xa afectaba a millóns de persoas. Investigouse rápido e ben e por primeira vez os científicos comezaron a compartir información en vez de competir. Pasaron 16 anos até os medicamentos de alta eficacia, pero ían aparecer outros que nos axudaron a chegar vivos. A partir de aí todo cambiou en canto á supervivencia; en canto a rexeitamento social queda moito traballo porque o estigma foi moi forte e permanece. Durante esta pandemia non se falou nada da SIDA que foi outra pandemia, porque segue sendo unha enfermidade maldita. Hai moito interese en non falar da heroína e dese mercado. Segue sen falarse da SIDA con normalidade. Houbo campañas de prevención “Póntelo, pónselo” e era importante falar de sexo e de saúde sexual. Pero a sexualidade na sociedade española aínda é un tabú, e falar da SIDA pasa por falar de sexo con normalidade.

6- O amor e o peso do pasado son outros dos grandes temas de Futuro Imperfecto. Como valora a súa experiencia do amor e do pasado e a súa importancia na novela?

O amor é fundamental na novela e na miña vida. Falo de todos os amores, de parella, de irmáns, de amigos. O amor é a forza vital. Foi fundamental o descubrimento do primeiro amor porque eu coñecín a Nico que era un home que representaba todo o que eu anhelaba: era sensible non o macho alfa, e non tiña ningún reparo en que se notase que me quería e a min iso encantábame. Coñecemos e querernos foi como confirmar que o que eu soñaba podía pasar. Despois vivimos a adicción que non foi capaz de destruír o noso amor a pesar de que nos puxo moi a proba, pero o amor tampouco nos protexeu. Logo chegou o nacemento da nosa filla, outro amor máis visceral xa co que non rompemos nunca. Despois chegou a enfermidade que foi tristísima, pero puidemos vivir moi conscientes de que se acababa o tempo e de vivir o noso amor dunha forma moi intensa. Creo que son afortunada: sobrevivir permitíume experimentar ese amor con esa intensidade e honestidade entre os dous que só se vive así se sabes que remata. Foi moi importante para min, unha bagaxe. Despois sen o compromiso e amor dos meus amigos a miña vida tería sido moi complicada.



Tamén estiveron con nós...

NOELIA MÍGUEZ

Noelia Míguez é autora do libro *Ocho señales*. Falounos (3º ESO e 4º ESO e 1º de bacharelato) sobre como detectar e protexerse da violencia de xénero na parella. Podedes oír o podcast coa breve entrevista, aquí:


<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesrepublicaorientaldouruguai/?q=system/files/Noelia%20M%C3%ADguez%20final.mp3>



SABELA HERMIDA

Sabela Hermida é actriz e estudosa da figura de María Casares, autora do libro *María Casares fronte ao espello*. Veu falar a 1º de bacharelato da importancia da actriz. Podedes oír o podcast coa breve entrevista aquí:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesrepublicaorientaldouruguai/?q=system/files/Sabela%20Hermida.mp3>



Adrián González (1º ESO B)

GOKU O SAIYAN

Goku é un Saiyan que naceu no planeta Vegeta. O seu pai enviouno á Terra para conquistala, mais cando saíu da súa nave caeu e deuse na cabeza, perdendo por completo os records e esquecendo que tiña que conquistar o planeta ao que chegara. Pouco a pouco foi facendo amigos e derrotando viláns.



Cando xa era maior, outro Saiyan, chamado Raditz veu á Terra e dixo que era o irmán de Goku, dixo que se chamaba Kakarot. Goku non quixo conquistar a Terra e Raditz colleu ao fillo de Goku, Gohan, e levouno á súa nave. Goku coa axuda de Piccolo foi rescatar a Gohan mais para vencer a Raditz Goku tivo que sacrificarse.

Un ano despois viñeron outros Saiyans chamados Nappa e Mezeta o príncipe do planeta Vegeta. Eles querían destruír a Terra, mais reviviron a Goku coas bólas do Dragón e puido vencelos.

Pasado un tempo o xefe dos Saiyans chamado Freezer foi ao planeta Namek a polas outras bólas do Dragón e Goku foi alí para protexer aos Namekianos e conseguiu transformarse nun Super Saiyan (SSJ) para vencer a Freezer. Máis tarde xurdiu un monstro chamado Majin Buu e para vencelo Goku fusionouse con Mezeta transformáronse en Mezetto. Despois de vencelo puideron estar tranquilos un bo tempo.



Un día calquera Goku estaba adestrando e aparece un gato sen pelo chamado Lord Beerus o Bills, proclamándose Deus da destrución. A parte diso preguntou por un tal Super Saiyan Deus, mais Goku díxolle que só podía transformarse en Super Saiyan 1, 2, 3. E foi só coa axuda dos seus amigos que conseguiu transformarse nun DEUS.

O bosque

Sofía Verde (1º ESO B)

Sara, Verónica e Mateo eran tres estudantes de universidade e un día decidiron facer unha escapada ao bosque. Como para eles era o derradeiro ano de universidade, no verán pasado mercaran unha cabana nunha árbore. Entón os tres foron ao bosque.



Cando chegaron ao bosque entraron dentro da cabana e na entrada había unhas manchas de sangue. Preguntáronse entre eles que pasara neste lugar. Verónica dixo:

- Sabedes algo destas manchas? Eu cando vin mercar a cabana non estaban.

Ao que contestou Mateo:

- Non habería un asasinato?

Despois de unha hora, instaláronse na cabana, chegou a noite e cearon. Deitáronse. Sara foi a única que escoitou un berro preto dela. Coa curiosidade que a caracterizaba, baixou da cabana, pero fóra non había ninguén e volveu para a cama. Ao día seguinte Mateo xa non estaba. Entón Verónica e Sara decidiron buscalo pero non o atoparon.

Ao volver á cabana, pensaron en percorrer todo o bosque na súa procura pois non se pararan moito e foron na busca do seu amigo. Camiñaron e camiñaron e nada atoparon. Entón no silencio da mañá, escoitáronse uns berros.

- Socorrooooo! Axudaaaa! Vanme matar!

Era Mateo. Foron correndo a carón del. Cando chegaron as rapazas, Mateo estaba tirado no chan morto... pero de risa. Elas quedaron aqueloutradas, pois non pensaran que a morte for a de risa. Entre as dúas collérono polas orellas e preguntáronlle que estaba pasando alí. O mozo mirounas aos ollos e díxolles:

- Estiven tomándovos o pelo. Todo foi unha broma: o sangue na porta, o berro na noite e a miña desaparición pola mañá.

Elas enfadáronse moito e deixárono no bosque só. Mentres, el quedou pensando que as manchas de sangue da porta que el puxera eran as do baño e non as da porta principal que viran ao chegar. Quen sabe se había alguén máis con eles.

Francisco Fernández del Riego

EDNL do IES ROU

O autor ao que se lle dedica este ano Día das letras Galegas foi quen ideou esta conmemoración co gallo do centenario da publicación de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro, mais xa coa proxección de non esquecermos o percorrido cultural que a ditadura anulaba. Foi un resistente a esa ditadura e traballou de xeito incansable para que a destrución fascista do traballo do grupo Nós, do galeguismo de inicios do s. XX e do Seminario de Estudos Galegos e da Universidade, non supuxera o esquecemento. Puxo en marcha xunto con Ramón Piñeiro entre outros a editorial Galaxia, e codirixiu a revista de ensaio Grial. Foi un nexo comunicador cos artistas e políticos exiliados. Actualizou a RAG durante a súa presidencia. Dirixiu e xestionou a primeira biblioteca de Vigo, a biblioteca Penzol. Cedeu a esta cidade que o acolleu tras a guerra, a súa colección de arte, presente na Pinacoteca. Tras del deixa unha obra extensísima da que seleccionamos algunhas a seguir.




ENSAIO



SOBRE LITERATURA, EDICIÓN E ANTOLOXÍAS



AUTOBIOGRÁFICOS



LITERARIOS



Aínda é posible visitardes a exposición “Francisco Fernández del Riego, nos vieiros da arte galega”, no edificio da Pinacoteca do casco vello que leva o seu nome, até xaneiro de 2024..



AUTODEFINIDO

EDLNG do CPR Fogar de Santa María da Coruña

DISEÑAS QUE NON TÊMEN CABEZA	CHERA NOMINAL FACE, ROSTRO	NOME DO AUTOR DA MAIJE	MULLER QUE TEN FILLOS CASA FAMILIAR	OSMO CONXUNCIÓN DISJUNTIVA		CONCELLO NATAL DO AUTOR DA MAIJE	RADON PRONOME PERS. TÓNICO		PRERIXO QUE SIGNIFICA SEGUNDA PARTE REAL DECRETO		
						RECIPIENTE DE MADEIRA PARA VIÑO			SUVE, AVELAÑO		
... SOLO/O, PRELÓMINO DO AUTOR DA MAIJE						ARTE DE PESCA DE ARRASTRE TÁNDALO		COBALTO DÍGRAFO			
FILA, RINGLERA LETRA DO ALFABETO GREGO			ORGANIZACIÓN DOS ESTADOS AMERICANOS				DESAFOU RÍO EUROPEO				
		UTILISILLO PARA CAVAR CONSTELACIÓN PROMINENTE		ADOURA DÍGRAFO					SEGUNDO APELLO DO AUTOR DA MAIJE		
	EX TORNAL FUNDADA POLO AUTOR DA MAIJE					OLLO PROPIO DOS INSECTOS PER SOBEN POLOS OÍDOS		SELA OU FECHAR CON LACRE PREPOSICIÓN			
REVISTA QUE DIXIUXO O AUTOR DA MAIJE					POÑO UN ANEL INDIQUEN						
			CAPITAL EUROPEA	<p>DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2023</p>				NOME DE MULLER RECIPIENTE DE COCCIÓN			
PROXENITORES PRERIXO QUE SIGNIFICA LUGAR											UNDECIMA INVALDAS
PERÍODOS DE TEMPO 10										ANARRAR NOME DE MULLER	
		NATIONAL BASKETBALL ASSOCIATION	CARRERA UNIVERSITARIA DO AUTOR DA MAIJE							CORTAR OU SEGAR A RENTES NOME DE LETRA	
RÍO ASIÁTICO PODE ESTAR CONTIDO NUN ESPRAZO				NO OFICASE, C AMBASE UTILISILLO PARA CAVAR		NOTA MUSICAL ADVERBIO DE TEMPO		ELODARA, GABARA DÍGRAFO			
			PLUTONIO PREPOSICIÓN			FUNDACIÓN NA QUE TRABALLOU O AUTOR DA MAIJE					
	REXONDA ANTIGA GREGA APARELLO DE PESCA						QUIRO CAPITAL EUROPEA		COÓRE DIRECTAMENTE A CALOR DO LUME		
		SUFIXO AUMENTATIVO POSUR		RÍO GALEGO NOME DE LERA			BERAL, CÔMARO MESA POA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA				
RECÍO, RETROCEDO ACERTES						RÍO INSTRUMENTOS PARA MADA, FERIL.			ESTADO DA MATERIA ZINC		
PORTE DUN PARTIDO DE TENIS CONVERSE			PRIMERO APELLO DO AUTOR DA MAIJE								
				UNIÓN AFRICANA RUTENO			RIZA, PREGA RÍO AMERICANO		INTERPRETA UN TEXTO ESCRITO CHUCHADE, CHURUDE		

3 proxectos musicais galegos

EDNL do IES ROU

HIGH PAW

Esta singjay (cantante e MC) viguesa vén pisando con forza no panorama musical. Pasou polo centro para celebrar as Letras Galegas dun xeito diferente e deixounos abraidos cunha voz moi persoal e un son envolvente a medio camiño entre o reggae, o rap e a fusión electrónica. Tras pasar por festivais punteiros no panorama musical galego como o Revenidas ou Galegote Rock, e noutros de fóra, xa deu un concerto co Dios que te crew, referentes indiscutibles do rap galego e mesmo foi de xira por México. Conta cun estilo senlleiro. O seu primeiro traballo foi Searching for the Recipe, disco que presenta xunto con Nahno Selectah e a banda Elephants Yard, a súa habitual en múltiples festivais. Canta en galego, castelán e inglés e na súa música aposta pola mensaxe, por facer pensar e crear conciencia sen adoutrinar.



FILLAS DE CASANDRA



Este dúo galego formouse o ano pasado nas Xornadas de feminismo unitario en Vigo e acaban de recibir o VIII premio aRi[t]mar á mellor música do ano en Galicia no 2022 polo seu tema “Lisístrata”, popularmente coñecido como “Varre vasoira” e moi seguido antes dos partidos no estadio de Balaídos. A súa música caracterízase pola fusión entre a música de tradición oral e electrónica (teñen como referentes a Leilía, Baiuca ou Tanxugueiras) baseada no feminismo e na mitoloxía grega. O seu disco *Acrópole*, deste mesmo ano, conta co tema premiado e outros igualmente bailables e moi novidosos.

BOYANKA KOSTOVA

Este dúo galego de música trap, non deixa de triunfar desde que o formaron en 2016 Adrián García e o Chicho do Funk (Ortiga). O nome tirárono dunha atleta de halterofilia. Con temas cheos de retransca e reformulacións da música urbana bailable e do trap, son uns pioneiros e auténticos referentes da música galega que segue as tendencias. Contan con catro álbums: *Vella canción galega*, *Nova canción Galega*, *Os dous de sempre*, *Ranaeira* e presentarán un novo neste 2023. Temas como “Muiñeira de interior” ou “Colacao” son un exemplo desas etiquetas “verbena exótica”, “twerking rural” ou “flow costumista” coas que os teñen clasificado. Non deixedes de velos no Terraceo do auditorio Mar de Vigo o 22 de setembro ás 21.00, vai ser espectacular!



As mulleres galegas triunfan no piragüismo internacional

Aroa García (2º BACH)

O éxito internacional do piragüismo español non é ningunha novidade. Aínda así, poucos saben que este é o deporte que, cada catro anos, máis medallas brinda a España nos Xogos Olímpicos. Igualmente, as piragüistas galegas conforman un amplo e destacado grupo entre tanto triunfo.

Teresa Portela, orixinaria de Cangas, demostrouno de xeito claro nos Xogos celebrados en Tokio o pasado ano. Tras unha longa traxectoria que incluíu seis olimpíadas consecutivas, o seu esforzo converteuna en subcampioa olímpica (k1-200m) á idade de 39 anos. Entre outras piragüistas, cabe destacar ademais a dourada vitoria da luguesa Tania Fernández e a grovense Tania Álvarez, no Mundial de maratón na modalidade K2. Ademais, as novas xeracións femininas tampouco quedan atrás. De feito, as mozas galegas sobresaen de xeito notable nos campionatos estatais.

De todas as formas, será en París 2024 onde se volverá a demostrar a hexemonía galega no piragüismo internacional. Mentres agardamos, sempre poderemos gozar deste deporte galego no programa PADEXANDO da TVG.

<https://www.fegapi.es/padexando-tvg/>

<https://youtu.be/Ni3a9l1zJiY>




Ponte de madeira

Claudia Rodríguez



Debuxos

Lena Luengpayung Carrillo



Estampa animal victoriana

Banyen Figueirido



"Like a clown"

Antía Fernández



Algunhas recomendacións

EDLN do IES ROU

Os anéis de poder: Se aínda non vistes esta serie de Amazon Prime desde setembro, pode ser o momento de vivirdes o universo Tolkien renovado e con oferta en galego.



O 8 de xullo Netflix estreará o filme de animación **"The sea beast"** dobrado ao galego




Incoloro é unha banda deseñada adecuada para os cursos baixos da ESO. Conta a resistencia épica dos sangue verde fronte os sangue vermello que tomaron a terra de Aórtica. Agardan un sangue branca que os libere, cando chega unha rapaza ao lugar.



En **A Batalla de Rande** lévase á banda deseñada o momento histórico, con acción e aventura, da man de David Braña e Pablo Prado. Igualmente moi recomendable.

As malas mulleres de Marilar Aleixandre foi Premio Blanco Amor e Premio Nacional de Literatura. Por segundo ano consecutivo unha novela galega é premiada con este galardón entre todo o panorama das novelas publicadas en España. O ano pasado foi a obra de Xesús Fraga *Virtudes e outros misterios*, que se non lestes tamén recomendamos pola súa memoria da emigración, emoción e prosa entre a evocación e a crónica. Marilar Aleixandre é xa unha novelista contemporánea de importancia. Nesta obra lévanos ao final do século XIX, até as reclusas do cárcere Galera da Coruña. As figuras históricas de Concepción Arenal e Juana de Vega forman parte da historia e da pluralidade de voces da novela. Como é característico da prosa da autora predomina o ton poético e unha boa trama.



Memoria do Vigo Proletario: Porque é importante coñecer o sitio onde vivimos e o que pasou nel, e xa pasaron 50 anos, convén coñecer a maior folga obreira que viviu Vigo e que se deu xusto no final do franquismo do 9 ao 26 de setembro de 1972. As mobilizacións foron á par dunha represión propia do réxime ditatorial, mais que non minguou a loita dun colectivo obreiro decidido a reclamar dignidade no traballo. Neste ensaio e crónica do momento podemos entender o que supuña tomar as rúas no contexto da ditadura e como os dereitos laborais hai que loitalos porque son dereitos a unha vida digna.



